


TURSAANEDRO



Diseño: Franco Ruata
colabora Yoel Suárez


2º de Bacharelato
IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
ZALAETA (A CORUÑA)

PRIMEIROS PASOS



Para realizar este proxecto elixín utilizar Freecad xa que permitía un mellor manexo das coordenadas que lle asignaba a cada figura. Podía ver os cambios que fixen en tempo real e non necesitaba representar a figura para cada alteración que fixen.


Unha vez dentro, carguei unha figura prefabricada dun dodecaedro. Desde esa base, clonei o obxecto e cambieei as súas coordenadas para que quedase como un único obxecto unido. Intentei situalos de xeito que sexan simétricos tendo en conta que o poliedro estaba formado por 6 dodecaedros.



DODECAEDRO INICIAL


Repetín o proceso con todos os dodecaedros. Os primeiros 3 foron relativamente fáciles, aínda que me custou bastante facelos simétricos.

A partir do 4to as cousas empezaron a complicarse. A imaxe que tiña de referencia xa non me servía xa que só mostraba a imaxe da figura dende unha perspectiva. Por isto mesmo tiveron que imaxinar espacialmente como tería que quedar cada dodecaedro.



Pasado un bo tempo, logrei unificar tódalas partes. A figura xa estaba completa. Só faltaba poñerlle un nome.

Decidín despois dun tempo de debatir internamente chamalo Tursaanedro.



Á hora de buscar o nome da figura decateime do seu parecido có símbolo vikingo tursaansydän, de ahí o nome da nosa figura. Este provén de tempos prehistóricos como símbolo de boa sorte e para afastar maldicións. Os vikingos forman parte da historia de Galicia, xa que chegaron a ocupala hasta en catro ocasións.

